



O foro «Relixión e cultura» en Galicia, organizado pola revista Encrucillada, tivo por tema, este ano, a proposta do papa Francisco sobre a «Igrexa en saída», baixo o lema: «Igrexa aberta por reformas». Contou coa participación destacada do arcebispo de Compostela, Francisco José Prieto Fernández, así como coa do teólogo, Andrés Torres Queiruga, e a pensadora e activista, Koldobi Velasco Vázquez. Celebrouse no salón de actos do Colexio da Compañía de María en Santiago e tivo unha notable participación de público.

O arcebispo convidounos a penetrarmos na xénese e nas ideas esenciais, así como nas propostas pastorais da «Igrexa en saída» do papa Francisco. Trátase dunha chamada que convida a abandonar a «autorreferencialidade» e a poñerse en forma de evanxelización. É unha chamada para toda a Igrexa e moi especialmente para a Igrexa galega.

A conferencia de Andres Torres Queiruga tratou de iluminar os fundamentos bíblicos desta Igrexa en saída. Desde o Antigo Testamento, pero centrándose no Novo e, sobre todo, na mensaxe de Xesús, Torres Queiruga subliñou o carácter universal do cristianismo, abrindo desde dentro a súa xénese xudía, mostrando a amplitude sen límites das palabras e accións de Xesús. Un Xesús que debe ser redescuberto e repensado por cada nova xeración.

O estudo de Koldovi é unha invitación para revisar as lentes coas que lemos a realidade e os prexuízos con que nos situamos diante dela. É unha proposta práctica a través de diferentes verbos para conxugar novamente a nosa forma de vivir en clave máis evanxélica.

Estes tres artigos están precedidos por unha presentación realizada por Lois Ferradas na que expón o obxecto do foro e presenta o seu contido. E conclúen cunha oración final elaborada por Marisa Vidal.

Dúas achegas máis breves engaden riqueza e diversidade a este número. Unha, asinada por Francisco Díaz-Fierros, reflexiona sobre a proposta ecolóxica do papa Francisco. É unha contribución que axuda a situala no marco do debate actual sobre o antro-

pocentrismo, o biocentrismo e o ecocentrismo. A outra, de Félix Caballero, achégase tamén á figura do papa, pero nesta ocasión para subliñar a dimensión do sentido do humor.

O Instituto Galego de Estatística publicou unha recente enquisa na que mostra á nosa lingua nun estado de precariedade crecente. Non está morta, pero non goza de boa saúde. Encrucillada publica neste número un manifesto a favor do galego, en apoio á dignidade do noso idioma común para fortalecer o seu presente e augurarlle un futuro de saúde e esplendor.

Incluímos tamén o discurso que o papa pronunciou diante de 500 teólogos de todo o mundo, o luns 9 de decembro de 2024, na sala da bendición. É un discurso con dúas ideas básicas. A primeira: a teoloxía tennos que axudar a repensar as nosas formas de pensar. A segunda: o acceso á teoloxía ten que ser libre e aberto para todas as mulleres e para todos os homes que queiran cursalo como grao universitario. O papa tamén salientou que unha teoloxía exclusivamente masculina é unha teoloxía a medias. Convén pasar dos feitos ás palabras e converter en realidade estes desexos.

O número complétase cunha recesión e coa sempre interesante, ben nutrida, plural e variada rolda de Igrexa de Manolo Regal, así como cos debuxos de Soedade Pite.

Bo Nadal.

Pedro Castelao